1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D7UP7HHWI6S4T2J54H3QAKE¹.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: BARREIROS.- Rehabilitación firme LU-P-0605 “Benquerencia (N634) – Suigrex (LU-P-0607)”, P.K. 0+000 a 1+200, LU-P-0606 “Benquerencia (N634) – Pedregas (LU-P-0607)”, P.K. 0+473 a 0+707 e LU-P-0607 “Benquerencia (N634)- praia de Fontela (LU-P-0610)”, P.K. 0+000 a 2+043, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7DY4POL4H5XT6YY76TMZYF6U.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7DYCJLN4GNJ2GS4HVHB5HHEM.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7DYCI3MAH37FFIUN7EOVYEOM.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ASL7KNABO3KX62H5BGFPQMY.

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 23/09/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7ATWRYOFNMVZB72Q5MARCCIQ.

8. Invitacións do día 23/09/2022, a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), as empresas acordadas pola Xunta de Goberno.

9. Informe relativo á apertura da documentación administrativa e das ofertas presentadas na primeira fase, co resultado:

BARREIROS.- REHABILITACIÓN FIRME LU-P-0605 "BENQUERENCIA (N634) – SUIGREXA (LU-P-0607)", P.K. 0+000 A 1+200, LU-P-0606 "BENQUERENCIA (N634) – PEDREGAS (LU-P-0607)", P.K. 0+473 A 0+707 E LU-P-0607 "BENQUERENCIA (N634)- PRAIA DE FONTELA (LU-P-0610)", P.K. 0+000 A 2+043
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

148.919,84	
123.074,25	25.845,59

IVE. PARTIDA INDEPEND

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

NO

2 MESES

MAX
2.461,49 €

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE	
		PREZO (IVE incluído - art 102) (60)	MELLORAS (...) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados	
1 CARFERLO SLU		148.919,84 €	NO	NO	0,00	21/0	
2 CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		148.900,00 €	NO	NO	0,00	44/1	
3 CHOLO SL		NON OFERTA					
4 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		NO PRESENTA OFERTA					

De estas ofertas obtívose a puntuación, nesta primeira fase, seguinte:

EMPRESAS / (GRUPO)			OBXECTIVOS (100)								TOTAL
			PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		
									MAXIMO 2% V.E.	2.461,49 €	
			OFERTA (INCLUIDO IVA)		melloras		SI /NO				
		PTOS	UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS			
1	CARFERLO SLU	148.919,84 €	0,00	NO	0,00	NO	0,00	0,00	0,00		
2	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	148.900,00 €	60,00	NO	0,00	NO	0,00	0,00	60,00		

10. Convites para negociación do criterio prezo, ás mercantiles que presentaron oferta na fase 1.

11. Informe relativo á apertura da oferta na fase de “negociación”, co resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OFERTA FASE NEGOCIACIÓN
CARFERLO SLU	NON PRESENTOU
CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	148.900,00€

De estas ofertas desta 2ª fase obtense a puntuación que se indica, que sumada á da primeira fase, obtense o resultado seguinte:

EMPRESAS / (GRUPO)			OBJECTIVOS (100)										TOTAL	
			PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		FASE NEGOCIACIÓN			
			OFERTA (INCLUIDO IVA)				SI / NO		MAXIMO 2% V.E.	2.461,49 €	PRECIO			
		PTOS	UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	OFERTA	PTOS				
1	CARFERLO SLU	148.919,84 €	0,00	NO	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	NO OFERTA		0,00		
2	CONSTRUCCIONES JSIDRO OTERO SL	148.900,00 €	60,00	NO	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	148.900,00	0,00	60,00		

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA	BAIXA
			Oferta	
1	CARFERLO SLU		148.919,84 €	111.675,00 €
2	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		148.900,00 €	111.689,88
3	CHOLO SL		NO OFERTA	
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		NO OFERTA	

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, elevouse ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a. Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESA	TOTAL PUNTUACIÓN
CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	60
CARFERLO SL	0

b. Requerir á empresa Construcciones Isidro Otero SL para que, dentro do prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos fixados no PCAP e



a constitución da garantía definitiva por importe de 7.445,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 18/10/2022, con CSV: IV7AYQC2ZVXMSTX6DV5FKDYUA4, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Isidro Otero SL, para que dentro do prazo de 5 días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 20/10/2022, rematando o prazo de presentación o día 27/10/2022.

13. Por resolución da Presidencia de data 24/10/2022, con CSV: IV7AY7KLDDU4LTUS5VIGMIIXMM, corrixiuse erro no importe do aval, sendo o correcto 6.152,89 euros, séndolle comunicado á mercantil Construcciones Isidro Otero SL, para a súa constitución correctamente.

14. A mercantil Construcciones Isidro Otero SL, presentou a documentación requirida o 26/10/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Polo Servizo de Contratación e Fomento compróbase que a empresa Construcciones Isidro Otero SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma, polo que considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que procede a elevar ao órgano de contratación, previa fiscalización, acordo de:

Adxudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL con C.I.F. B-27250182 representada por D. Isidro Otero Bello, con DNI ****0468**, a contratación da obra denominada BARREIROS.- Rehabilitación firme LU-P-0605 “Benquerencia (N634) – Suigrex (LU-P-0607)”, P.K. 0+000 a 1+200, LUP- 0606 “Benquerencia (N634) – Pedregas (LU-P-0607)”, P.K. 0+473 a 0+707 e LU-P-

0607 “Benquerencia (N634)- praia de Fontela (LU-P-0610)”, P.K. 0+000 a 2+043, nos termos seguintes:

- a. Prezo de 148.900,00 €, dos cales 25.842,15€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Prazo de execución de 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Adjudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL con C.I.F. B-27250182 representada por D. Isidro Otero Bello, con DNI ***0468**, a contratación da obra denominada BARREIROS.- Rehabilitación firme LU-P-0605 “Benquerencia (N634) – Suigrex (LU-P-0607)”, P.K. 0+000 a 1+200, LUP- 0606 “Benquerencia (N634) – Pedregas (LU-P-0607)”, P.K. 0+473 a 0+707 e LU-P-0607 “Benquerencia (N634)- praia de Fontela (LU-P-0610)”, P.K. 0+000 a 2+043, nos termos seguintes:

- a. Prezo de 148.900,00 €, dos cales 25.842,15€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Prazo de execución de 2 meses.

O adjudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz coa finalidade común de colaborar na acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa Manuel María (Guitiriz).*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins común de Acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa Manuel María (Guitiriz), consta no mesmo:

1. Solicitud de do Concello de Guitiriz con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/020446, que inclúe ademais:

a. Proxecto ou memoria valorada do investimento.
b. Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

2. Memoria de impacto económico, con CSV: IV7AZW7YZBX22WVYA46S732GKU.

3. Borrador de convenio con CSV: IV7AZW7ZIFMOYVGS5VF5OFTHKE.

4. Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7AZW7ZPZNL52BK6FVEOJYP54.

5. Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa Manuel María (Guitiriz), con un orzamento total de 132.880,49€ euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 130.000,00 euros, dos que 30.000,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022 e 100.000,00€ con cargo ao orzamento de 2023.

Para a anualidade 2023 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento de 2023 a cantidade indicada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para o “Arranxo de escolas do rural” (Anualidade 2022).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por don Fernando Suárez Barcia, con NIF: ***9411**, en nome e representación do Concello de Ribadeo, con CIF: P2705100B, con RE, nº:

2022RT013257 de data 11/10/2022, emendado con RE nº 2022RT013702 de data 21/10/2022 (Expediente 2022/PES_03/019510), mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Ribadeo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Arranxo de escolas do rural”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para o “Arranxo de escolas do rural” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente,



sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á execución das obras necesarias para o acondicionamento de escolas de titularidade municipal, situadas en varias parroquias rurais de Ribadeo, en concreto: Vilaframil, Arante -da que forma parte Remourelle-, Noceda, Vilaousende - neste caso tamén se arranxa o teleclube-, Vilamariz, Cedofeita, Vilaselán e Vilela.

As escolas rurais caracterízanse por estar situadas nun medio separado do centro dunha localidade, nun espazo xeográfico cunha reducida oferta de servizos públicos e limitados medios de acceso, en parcelas rurais, zonas naturais ou vilas illadas, e que gozan da consideración de ben cultural comunitario.

En canto á necesidade e oportunidade do convenio, con esta actuación pretende cumprirse un dobre obxectivo: afianzar o patrimonio arquitectónico do rural, así como contribuír ao dinamismo económico e socio-cultural destas parroquias rurais do Concello de Ribadeo, coa finalidade de facer efectivo o disposto no artigo 77 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, en canto á valorización do medio rural e costeiro non urbano.

Con este investimento, mediante o arranxo de diversas escolas e dun teleclube do rural de Ribadeo, preténdese que pasen a constituír espazos de revitalización socioeconómica e cultural das zonas rurais, que permitan fixar a poboación na zona e acoller a programación de diversas propostas culturais, así como as xuntanzas veciñais, de xeito que se poida facer atractivo vivir no rural, ao mesmo tempo que se evita o seu despoboamento e avellentamento.

En relación ao seu impacto económico, esta actuación posibilitará a mobilización da poboación que demanda actividades culturais e unha revalorización do rural como ámbito no que estas se poden desenvolver; igualmente, fomentará que o desenvolvemento socio-económico da zona non estea exclusivamente vinculado ao turismo e ao verán.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Ribadeo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación

no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores de obras nunha contía inferior a 40.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.



A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 70.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello da Ribadeo, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 49.924,41 €; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Arranxo de escolas do rural” (anualidade 2022). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Arranxo de escolas do rural” (anualidade 2022) por importe total de 119.924,41 €.

2º.- Aprobar o gasto de 70.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor do Concello de Ribadeo, para sufragar os gastos derivados do “Arranxo de escolas do rural”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación de convenio interadministrativo a subscribir entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta da actividade “Adquisición de maquinaria para mantemento de vías de titularidade municipal”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural, por importe total de 20.000,01 €, que serán a cargo da Deputación de Lugo; e do gasto, por importe de 20.000,01 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de A Pobra do Brollón, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O representante legal do Concello de A Pobra do Brollón solicitou, o 26 de setembro de 2022, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta da actividade, “Limpeza de vías de titularidade do municipio de A Pobra do Brollón”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Sendo que dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade se estimou que a dita solicitude contiña gastos correntes de difícil ou imposible realización antes do peche do exercicio orzamentario provincial, requiriuse ao representante do Concello de A Pobra do Brollón para que, de ser o caso, reformulara a súa solicitude.

En resposta ao dito requirimento, o representante do Concello de A Pobra do Brollón presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 14 de outubro de 2022, escrito mediante o cal solicitou a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, da actividade “Adquisición de maquinaria para mantemento de vías de titularidade municipal”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma:



Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estimou procedente a aprobación do texto do citado convenio, así como do gasto derivado da subscrición do mesmo.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde se analiza a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Á vista de toda a documentación, a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informou favorablemente, o 26 de outubro de 2022, o texto do convenio proposto polo centro xestor.

Finalmente, á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 27 de outubro de 2022.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta da actividade “Adquisición de maquinaria para mantemento de vías de titularidade municipal”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural; por importe total de 20.000,01 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 20.000,01 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) RELATIVA Á ESIXENCIA DE GARANTÍA POLA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO DE VARIAS PARCELAS PROVINCIAIS PARA A CONSOLIDACIÓN E AMPLIACIÓN DO CAMPUS UNIVERSITARIO DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o escrito presentado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) o 7 de outubro de 2022 de solicitude de exención do depósito da garantía definitiva esixida no outorgamento da concesión demanial de uso de varias parcelas provinciais.

Tendo en conta que por acordo da Xunta de Goberno do 10 de xuño de 2022 aprobouse o outorgamento dunha concesión demanial gratuíta do uso de varias parcelas provinciais a favor da Universidade de Santiago de Compostela destinadas a ampliación do Campus Universitario de Lugo para a finalidade da educación superior ata o 28.03.2058.

Tendo en conta que a normativa patrimonial de aplicación establece a esixencia da constitución dunha garantía definitiva no outorgamento de concesións demaniais de bens de dominio público, contida no artigo 90 do Regulamento de Bens das Entidades Locais do seguinte teor: “1. La garantía definitiva que habrá de constituir el adjudicatario de la concesión, dentro del plazo de los quince días siguientes a la notificación, consistirá en el 3 por 100 del valor del dominio publico ocupado y, en su caso, del presupuesto de las obras que hayan de ejecutar. 2. La garantía se devolverá al concesionario, si hubiere de realizar obras revertibles a la entidad local, cuando acreditare tenerlas efectuadas por valor equivalente a la tercera parte de las comprendidas en la concesión”.

Tendo en conta que no citado acordo provincial a contía da garantía definitiva se cifra en 7.284,73 € calculada sobre o valor catastral de 242.824,36 € das parcelas obxecto desta concesión demanial.



Tendo en conta que a USC formula a súa solicitude de exención da esixencia da constitución da garantía definitiva polo referido importe de 7.284,73 € baixo o argumento do apoio xurisprudencial, que inclúe na súa solicitude, ao contido do seus Estatutos da Universidades de Santiago de Compostela aprobado polo Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro (DOG nº 29 de 12 de febreiro e BOE nº 50 do 27 de febreiro de 2014) que no seu artigo 1.2 establece:

“Como Administración pública vinculada á da Comunidade Autónoma de Galicia, correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela, nos termos legalmente establecidos:

A exención tributaria, nos termos previstos na normativa vixente, incluídos impostos, taxas, prezos públicos e demais depósitos establecidos polo Estado, comunidades autónomas ou administracións locais.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio do 25.10.22 baixo o CSV IV7AYIJIZYHMTP4Z5QPFMECFOA no que conclúe que a pretensión da USC se considera incluída no contido do dito artigo 12 da lei 52/1997 de 27 de novembro de Asistencia xurídica ao Estado e Institucións Públicas e por tanto a solicitude da USC de exención da esixencia de constituír a garantía definitiva no outorgamento da concesión demanial de bens de dominio público, cuxo outorgamento foi acordado pola Xunta de Goberno na sesión do 10 de xuño de 2022, pode someterse ao seu criterio.

Tendo en conta que a Intervención Provincial no seu informe do 26.10.2022 co CSV IV7AYMHDPQ6YTDHP6NFCA7XC54 conclúe que non existe inconveniente na aceptación da exención solicitada pola USC na tramitación do expediente de cesión do uso gratuíta de varias parcelas provinciais a favor da Universidade de Santiago de Compostela para a consolidación e ampliación do Campus Universitario de Lugo.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Acordar a inclusión da exención de constitución da garantía definitiva por parte da USC no outorgamento da concesión demanial de bens de dominio público, acordada pola Xunta de

Goberno na sesión do 10 de xuño de 2022, en cumprimento do disposto no artigo 12 da lei 52/1997 de 27 de novembro de Asistencia xurídica ao Estado e Institucións Públicas.

2º.- Expresar a referida exención no documento de formalización da concesión demanial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DA CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA DA COORGANIZACIÓN DO VIII FÓRUM DE CIDADES E TERRITORIOS CREATIVOS DE ESPAÑA FÓRUM 2022.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o acordo de Xunta de Goberno de 1 de abril de 2022, onde se adoptou o acordo da coorganización do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España Forum Lugo 2022 para executar durante o ano 2022 por un importe de 57.700 € con Retención de Crédito n.º 220220010350.

Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver a coorganización do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España Forum Lugo 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo onde se di:

“O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro do 2020, adoptou, entre outros, o acordo de adhesión da Deputación de Lugo, en calidade de socia fundadora, á rede de cidades e territorios creativos de España: Innovación Colaborativa.

No artigo 28 dos Estatutos da “Red de Cidades y Territorios Creativos de España” sinálanse os dereitos dos socios membros da rede, entre os que se atopa:



(...) - Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fines (...).

O Fórum Cidades e Territorios Creativos de España é un evento cidade, un espazo de participación encontro e reflexión, onde compartir experiencias, proxectos innovadores e integrais, nos que se xeran sinerxias ou se establecen lazos de colaboración e cooperación, que favorezan o desenvolvemento e consolidación da Red de Cidades e Territorios Creativos de España, que potencie conxuntamente a nosa creatividade colectiva a partires da suma das creatividades individuais urbanas ou rurais e favoreza o rexurdir das nosas cidades e territorios como polos de innovación para o desenvolvemento dun novo modo de vida, con novos calores capaces de construír un novo sistema económico, social, cultural e medioambiental que de paso a un novo rexurdir das cidades e territorios do Estado.

Do 28 de marzo ao 31 de xullo do 2020, en Orihuela organizouse o VII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España, nesa convocatoria a Deputación Provincial de Lugo, preséntase co proxecto “Reserva da Biosfera de Os Ancares. Identificación dos soutos de castaño”, gañando o certame e conseguindo a Copa España Creativa 2020.

As propias Bases de Participación do Certame establecen: “El ganador de la Copa España Creativa Orihuela 2020 se compromete a coorganizar la siguiente edición del Fórum junto con la Asociación España Creativa. En este caso, el VIII Fórum de Cidades y Territorios Creativos de España que se celebrará en la ciudad o localidad que gane la Copa España Creativa Orihuela 2020. Dicha coorganización conlleva la aportación de los recursos necesarios por parte de la ciudad anfitriona (tanto materiales como humanos y financieros)”.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de abril do 2022, adoptou, entre outros, o acordo da coorganización do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España Forum Lugo 2022 para executar durante o ano 2022 por un importe de 57.700 € con Retención de Crédito n.º 220220010350.

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (I.N.E.) o Índice de Prezos de Consumo (I.P.C), sufriu un incremento interanual de entorno a un 10 % en Galicia durante o 2022. O mesmo sucede se nos centramos na provincia de Lugo únicamente.

Este incremento de custes, sumado ao aumento de combustibles e diversas materias primas supuxo que a previsión de gasto inicialmente orzamentado para este programa fose insuficiente

Fundamentos de dereito.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

En virtude das competencias outorgadas as Deputacións Provinciais en materia de Turismo no artigo 3 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, desenvolvidas no seu artigo 6, en concreto no seu apartado 1 a) “na promoción dos seus recursos turísticos e xeodestinos...”.

Informe.

Polo anteriormente exposto dende o Servizo de Turismo, tendo en conta a inflación rexistrada, consideramos xustificado a modificación do importe total da Coorganización do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España Forum 2022 aumentando en 10.000 € o orzamento, razón pola que o citado Fórum, terá un orzamento total de 67.700,00 €”.



Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a ampliación orzamentaria da Coorganización do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España Forum 2022, tendo en conta as circunstancias indicadas por valor de 10.000 €.

2º.- Aprobado o importe final a cantidade total de 67.700 € para sufragar os gastos derivados da Coorganización do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España Forum 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DO CONCELLO DE MONTERROSO Á ACHEGA DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021 (PROGRAMA DE CULTURA).

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Logo de ver que O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o día 29/12/2020, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos de 2021.

Así mesmo, O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2021, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, que inclúe unha achega económica por importe de tres mil cento corenta e seis euros (3.146,00€) para o programa de Cultura do Concello de Monterroso, denominado “Promoción do Camiño Santo ao seu paso polo Concello de Monterroso: deseño de material divulgativo e publicidade”.

Logo de ver que O Concello de Monterroso, con data 25 de marzo de 2022 presenta a súa renuncia á achega do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021, para o

programa de Cultura denominado “Promoción do Camiño Santo ao seu paso polo Concello de Monterroso: deseño de material divulgativo e publicidade”, facendo constar:

“...esta entidade renuncia ao financiamento concedido posto que por motivos alleos á administración non se executou a dita actuación”

Logo de ver a ormativa aplicable á solicitude de renuncia presentada polo Concello de Monterroso:

O artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, titulado “terminación” dispón:

1. Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

O artigo 94 da citada lei, titulado “Desistencia e renuncia polos interesados” sinala:

1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará a aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instases á súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

O artigo 19 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021 establece en canto á renuncia, o seguinte:

“Os Concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”.



Logo de ver o informe do Servizo de Cultura favorable á renuncia presentada polo Concello de Monterroso, por considerar que reúne os requisitos legais para a aceptación da mesma.

Con base no exposto, a Deputada que subscribe propón que, pola Xunta de Goberno, en virtude da Base número 19 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, se adopte o seguinte acordo:

Aceptar de plano a renuncia do Concello de Monterroso á achega do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, por importe de 3.146,00€, para o programa de Cultura denominado “Promoción do Camiño Santo ao seu paso polo Concello de Monterroso: deseño de material divulgativo e publicidade”.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGALMENTE ESTABLECIDA, DUN MAQUINISTA-CONDUTOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Manuel Barrero Fernández, Maquinista-Condutor do Cadro de Persoal Laboral Provincial, cumpre os 65 anos de idade o próximo día 26 de novembro de 2022 e que terá recoñecidos 41 anos, 2 meses e 20 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 26 de novembro de 2022, data previsible de xubilación forzosa, polo que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 6 meses e que non solicitou inicialmente a prolongación no servizo activo.

Consideracións de dereito.

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

O Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses

[...]”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D. Manuel Barrero Fernández terá acreditado, á data do 26 de novembro de 2022, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 6 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:



Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. Manuel Barrero Fernández, con efectividade do día 26 de novembro de 2022, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta do Decreto nº 37/2022, de 16 de setembro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 203/2018-P.

Dase conta do decreto nº 37/2022, de 16 de setembro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no procedemento abreviado 203/2018-P, seguido a instancia da entidade Reale Seguros Generales, S.A. fronte á resolución desestimatoria en materia de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación, pola irrupción dun xabaril) na estrada LU-P-3201, (P.K. 2,7), e en cuxo fallo di o seguinte: “*Tener por caducada la instancia en el presente proceso, sin hacer expresa condena en costa. Firme este decreto, procédase a la devolución del expediente administrativo al órgano de procedencia, y verificado archívense las actuaciones*”. Asemade, dase conta da Dilixencia de Ordenación de data 13 de outubro de 2022 do devandito Xulgado na que se acorda: “*Declarar la firmeza del Decreto dictado e remitir el expediente administrativo a la Administración demandada, junto con certificación literal del Decreto, interesando acuse de recibo, en el plazo de diez día y verificado, archivar las actuaciones*”. A Xunta de Goberno queda enterada.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.